

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Modelo MD85ACO01

GUÍA DO ALUMNADO
(Ciclos formativos de grao medio e superior)

CIFP POLITÉCNICO DE LUGO

Curso: 2025-2026



Índice

1. PRESENTACIÓN DO CENTRO

- 1.1. PLANOS, LOCALIZACIÓN E ACCESO
- 1.2. OFERTA EDUCATIVA
- 1.3. ORGANIGRAMA FUNCIONAL

2. POLÍTICA DE CALIDADE

3. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

4. NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

5. SERVIZOS DO CENTRO

6. CALENDARIO ESCOLAR

7. HORARIO

8. INFORMACIÓN DE INTERESE

- 8.1. MATRÍCULA E CONVOCATORIAS
- 8.2. PROMOCIÓN E RECUPERACIÓNS
- 8.3. VALIDACIÓNS
- 8.4. FALTAS DE ASISTENCIA
- 8.5. BAIXA DE OFICIO
- 8.6. TRASLADO
- 8.7. RENUNCIA Á MATRÍCULA
- 8.8. PROXECTO INTERMODULAR
- 8.9. ITINERARIO PERSOAL PARA A EMPREGABILIDADE I E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
- 8.10. BOLSAS
- 8.11. FORMACIÓN EN EMPRESA
- 8.12. PROGRAMAS INTERNACIONAIS
- 8.13. EMPRENDEMENTO
- 8.14. RECURSOS INFORMATIVOS

9. NORMAS EN CASO DE EVACUACIÓN

Benvido/a ao CIFP Politécnico de Lugo!!!

Estamos encantados de darche a benvida ao CIFP Politécnico de Lugo, e de que decidiras formar parte da nosa comunidade educativa.

Desexamos que a túa estancia no noso centro (o teu desde hoxe) sexa o máis agradable e proveitosa posible. Queremos que te sintas parte da nosa comunidade desde o primeiro momento e que poidas desenvolver esta etapa da túa formación con éxito.

O CIFP Politécnico de Lugo, un dos centros de referencia da Formación Profesional en Lugo, forma parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) do Sistema Educativo de Galicia, integrada por 28 CIFP. Neles desenvólense accións formativas de formación profesional do sistema educativo e formación profesional para o emprego.

Con esta guía pretendemos poñer á túa disposición a información que che axude a coñecernos. Nela atoparás información sobre a oferta formativa, o horario, o calendario escolar, as nosas instalacións, normas de convivencia..., é dicir, as cuestións máis relevantes para desenvolverte na vida do centro.

Esperamos que participes de forma activa no mesmo e te integres plenamente na vida académica e institucional; a túa participación, suxestións e propostas sempre serán enriquecedoras e, polo tanto, acollidas co maior interese!!!

1 Presentación do centro

DATOS DO CENTRO

- **Nome do centro:** CIFP Politécnico de Lugo
- **Enderezo:** Rúa Armando Durán, 3 (27.002 -LUGO-)
- **Teléfono:** 982 82 88 20
- **Correo Electrónico:** cifp.politecnico.lugo@edu.xunta.gal
- **Páxina Web:** www.politecnicolugo.org

ENTORNO

O centro está situado no centro da cidade, nunha das zonas máis fermosas de Lugo. Rodeado de centros educativos (IES Lucus Augusti, IES Nosa Señora Ollos Grandes, CEIP Anexa e Escola Universitaria de Formación do Profesorado) e veciño do parque "Rosalia de Castro", conta con amplos espazos axardinados e deportivos propios, ademais de biblioteca, polideportivo, salón de actos, talleres, aulas especializadas e laboratorios.

RESEÑA HISTÓRICA DO CIFP POLITÉCNICO DE LUGO

1929. A “Asociación Patronal de Lugo e a súa Provincia” solicita para a cidade de Lugo unha Escuela Elemental de Trabajo "para que os obreiros de Lugo acaden un maior grao de perfeccionamento".

1932. Inaugúranse as instalacións na lucense Praza de Santo Domingo.

1950. As actividades educativas trasládanse ó edificio da rúa Montevideo (hoxe ocupado polo I.E.S. Xoán Montes).

1957. Comeza o plan de Mestría Industrial. Dous anos de Preaprendizaxe, tres de Oficialía e dous máis para acadar a Mestría.

1971. Inaugúrase o edificio que ocupamos na actualidade.

1974. Comeza o plan de Formación Profesional. Dous cursos de iniciación nunha rama profesional, nos que cos que se consegue o título de técnico auxiliar, e tres de especialización para obter a titulación de técnico especialista.

1975. A tres centros en toda Galicia, entre eles o noso, se lles concede a denominación de Instituto Politécnico Nacional pola importancia das súas instalacións e amplitude de ramas e especialidades impartidas.

1983. O centro, ata entón de carácter exclusivamente técnico-industrial, amplía a súa oferta educativa acollendo a rama Sanitaria.

1991. Integrámonos no plano LOXSE, acollendo, a ESO e o BAC e reconvertendo a formación profesional en ciclos formativos, de grao Medio e Superior.

1997. Incorpórase a familia de Servizos á Comunidade


2011. Pasamos a formar parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional, o que motiva o traslado das ensinanzas de ESO e Bacharelato, permanecendo so a FP. A partir de agora somos CIFP Politécnico de Lugo.

2018. Incorpórase a familia de Industrias Alimentarias

2021. Incorpórase a familia “Actividades Físicas e Deportivas”. Comezan a impartirse os cursos de Especialización

2024. Comeza a aplicación da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, que articula a oferta de formación profesional nun sistema de graos (A, B, C, D e E) e que establece o carácter dual da formación profesional e as súas modalidades.


1.1 Planos, localización e acceso



UBICACIÓN E ENTORNO



CIPF Politécnico de Lugo



BLOQUE I: PLANTA BAJA: VESTÍBULO + CONSERXERÍA + OFICINAS + DESPACHO SECRETARIA


BLOQUE II:

A.- PLANTA BAJA: VESTÍBULO

CAFETERÍA + DESPACHO CORD. EMPRENDIMIENTO + DESPACHO CORD. TIC's + VIVEIROS DE EMPRESA+
SALA PROFESORADO
AULAS ELECTRICIDADE – ELECTRÓNICA: 04-05-06


b.- PLANTA PLANTA 1,5

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS




BLOQUE II PLANTA BAJA (BAJO VESTÍBULO)

TALLER FP BÁSICAS FABRICACIÓN E MONTAXE + ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA AULAS 01-02-03 Y
DEPARTAMENTO + AUTOMATISMOS + CS PRÓTESES DENTAIS + CS HIXIENE BUCODENTAL



BLOQUE I: PLANTA 1

AULA INFORMÁTICA + CICLO FARMACIA E PARAFARMACIA + BIBLIOTECA




BLOQUE I: PLANTA 1,5

DESPACHOS + ORIENTACIÓN




BLOQUE I: PLANTA 2

AULAS INFORMÁTICA E DISTANCIA + DESPACHOS ACREDIT. COMPETENCIAS, EDLG, PROGRAMAS INTERNACIONAIS E CALIDADE




BLOQUE I: PLANTA 3

EDUCACIÓN INFANTIL + AULAS POLIVALENTES INFORMÁTICA



BLOQUE II: PLANTA 1

CS LABORATORIO + CM ATENCIÓN PERSOAS SITUACIÓN DEPENDENCIA + CM EMERXENCIAS SANITARIAS + AULAS INFORMÁTICA




BLOQUE II: PLANTA -1


AULA DOMÓTICA + AULAS INFORMÁTICA



BLOQUE II, PLANTA 2:
FAMILIA EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL



CHALET
CM COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA




VISTA GENERAL



BLOQUE II (PLANTA 1) + BLOQUE III (TALLERES ELECTRIC. - ELECTRÓN. + FABRICACIÓN MECÁNICA)



EDIFICIO MADERA (NUEVOS TALLERES, AULAS PLANTA BAJA)



EDIFICIO MADERA (NUEVOS TALLERES, PLANTA SEMISÓTANO)



1.2 Oferta educativa

A oferta educativa para o curso 2025-2026 é a seguinte:


	GRAO D					GRAO E
FAMILIA PROFESIONAL	FP DUAL XERAL			FP DUAL INTENSIVA		CURSOS ESPECIALIZACIÓN
	CF GRAO BÁSICO	CF GRAO MEDIO	CF GRAO SUPERIOR	CF GRAO MEDIO	CF GRAO SUPERIOR	
ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS			Ensinanza e Animación Socio-deportiva (Ordinario)			
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL				Construción	Proxectos Edificación	
ELECTRÓNICA - ELECTRICIDADE	Electricidade e Electrónica	- Instalacións Eléctricas e Automáticas (Ordinario e Modular) - Instalacións de Telecomunicacións (Ordinario)	- Sistemas de Telecomunicación e Informáticos (Ordinario) - Sistemas Electrotécnicos e Automáticos (Ordinario) - Automatización e Robótica Industrial (Ordinario)			- Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT) - Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación - Robótica colaborativa
FABRICACIÓN MECÁNICA	Fabricación e Montaxe	Mecanizado (Ordinario)	Programación da Produción en Fabricación Mecánica (Ordinario)	Soldadura e Caldeiraría	Construcións Metálicas	Fabricación Aditiva
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS			Procesos e Calidade na Industria Alimentaria (Ordinario)	Elaboración de Produtos Alimentarios	Procesos e Calidade na Industria Alimentaria	Tecnoloxía e xestión queixeira
MADEIRA, MOBLE E CORTIZA	Carpintaría e Moble	Carpintaría e Moble (Ordinario e Modular)				
SANIDADE		- Coidados Auxiliares de Enfermería (Ordinario e Modular) - Emerxencias Sanitarias (Modular) - Farmacia e Parafarmacia (Ordinario e Distancia)	- Laboratorio Clínico e Biomédico (Ordinario) - Próteses Dentais (Ordinario) - Hixiene Bucodental (Ordinario en horario de tarde) - Dietética (Distancia)	Coidados Auxiliares de Enfermería		
SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE		Atención Persoas en Situación de Dependencia (Ordinario e Distancia)	- Educación Infantil (Ordinario e modular) - Integración Social (Ordinario)			

A oferta educativa para o curso 2025-2026, inclúe **cursos de FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO**, suxeita á programación anual que se aprobe pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Igualmente, no CIFP Politécnico de Lugo desenvólvense o proceso de **ACREDITACIÓN DE AVALIACIÓN, RECOÑECIMIENTO E ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS** adquiridas a través da experiencia laboral en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais asociadas ás familias

profesionais que se imparten no mesmo e a realización de **PROBAS LIBRES** convocadas anualmente pola Consellería de Educación

1.3 Organigrama funcional



2 Política de calidade

Presentámosche a nosa política de calidade.

A Política de Calidade é o conxunto de intencións globais e a orientación do noso centro relativas á calidade, expresadas formalmente pola Dirección. Todo o Centro (alumnado, profesorado, persoal non docente e pais e nais) ten palabra na determinación da Política de Calidade. Convidámoste a participar coa túa opinión a través da caixa de suxestións. Contribuirás deste xeito á mellora do noso sistema de xestión da calidade.

O CIFP Politécnico de Lugo está certificado no sistema de xestión de calidade consonte coa Norma UNE-EN-ISO 9001:2015 para as actividades de impartición de formación profesional (réximes ordinario e modular) básica, de grao medio e superior por AENOR, Asociación Española de Normalización e Certificación

Este centro ten unha implicación e compromiso claro coa calidade como se declara na nosa Misión, Visión e Valores.

MISIÓN

- A cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida.
- Cando proceda, no marco do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional, a contribución a avaliación e a acreditación de competencias profesionais.
- A prestación dos servizos de información e de orientación profesional.
- O establecemento dun espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional e o ámbito produtivo sectorial e local.
- O fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
- A facilitación do acceso da mocidade ao primeiro emprego, así como da conservación e a mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade.
- O impulso e mellora das aptitudes e das competencias do alumnado

VISIÓN

Como Centro Integrado de Formación Profesional daremos unha formación integral ao noso alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, para o que ofreceremos unha oferta formativa completa e de calidade que conduza a obtención de títulos de formación profesional e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral nos distintos subsistemas de formación profesional, atendendo as necesidades –en constante evolución e cambio– que demanda o mercado de traballo do noso entorno, consolidando vínculos con todas as empresas do sector así como ofrecendo unha formación integral os nosos alumnos/as que lles facilite a participación activa e responsable como cidadáns.

VALORES

Por isto, orientamos as nosas accións para:

- Fomentar valores de convivencia, cooperación e respecto.
- Ofrecer uns servizos educativos de calidade a comunidade educativa de cada Centro Integrado de Formación Profesional.
- Mellorar continuamente a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o traballo en equipo, para crear valor os nosos usuarios mediante un sistema de calidade total.
- Lograr a satisfacción da comunidade educativa buscando atender as súas necesidades e adiantándonos as súas expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores da institución.
- Ofrecer as cualificacións profesionais requiridas para dar resposta as necesidades e demandas do noso ámbito produtivo.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas novas tecnoloxías, para reproducir procesos produtivos respectuosos co medio e coa prevención de riscos laborais, cun profesorado axeitadamente formado tanto na didáctica coma nas innovacións técnicas.
- Fomentar o espírito emprendedor e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e obxectivos de calidade establecidos no Plan Estratéxico da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.
- Desenvolver vínculos co sistema produtivo do contorno.

3 Dereitos e deberes do alumnado

Establecidos nas **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)** do CIFP Politécnico de Lugo, aprobadas polo Consello Social:

Unha versión completa do NOF pode consultarse na páxina web do instituto (www.politecnicolugo.org) na sección ALUMNADO : documentos

Dereitos do alumnado

O alumnado terá os seguintes dereitos:

- a. A unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b. Ás mesmas oportunidades de acceso as distintas ensinanzas que se imparten no centro non habendo máis limitacións que as derivadas da lexislación vixente e do seu aproveitamento ou aptitudes para o estudo.
- c. A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan avaliados con total obxectividade.
- d. A recibir orientación académica e profesional para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social, e profesional, segundo as súas capacidades, expectativas e intereses.
- e. Á que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- f. A non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- g. A que se lles respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
- h. A que o profesorado garde reserva sobre as súas circunstancias persoais e familiares. En todo caso, os centros comunicarán ás autoridades competentes as circunstancias que poidan implicar incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección dos menores. Terase en conta a Lei orgánica de protección de datos e outras normativas sectoriais e autonómicas ditadas ao respecto.
- i. A participar no funcionamento e na vida do centro, na actividade escolar e na toma de decisións en materia de convivencia, de acordo co disposto na Lei Orgánica do Dereito á Educación e nos respectivos Regulamentos Orgánicos.
- j. A asociarse, creando asociacións, federacións e confederacións de alumnos e alumnas.
- k. A ser informado polos membros da xunta de delegados e polos representantes das súas asociacións das cuestións propias do seu centro e doutras que afecten a outros centros docentes e ao sistema educativo en xeral.
- l. A usar as instalacións do centro coas limitacións que se deriven das actividades lectivas coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a axeitada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos, con previa autorización da dirección do centro.
- m. A percibir as axudas segundo a política de bolsas establecida pola Administración Educativa axeitadas ás necesidades particulares de cada alumno/a.

Deberes do alumnado

O estudo constitúe un deber básico do alumnado e concrétese nas seguintes obrigas:

- a. Asistir ás clases puntualmente e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudio.
- b. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- c. Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle respecto e consideración.
- d. Respectar o exercicio ó estudo dos/as compañeiros/as.

Ademais do anterior, o alumnado terá os seguintes deberes:

- e. Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes, así como a dignidade, integridade e intimidade físicas e psíquicas de tódolos membros da comunidade educativa dentro e fóra do horario escolar.

- f. Respetar o proxecto funcional do centro.
- g. Cumprir os criterios establecidos polo centro para o desenvolvemento das actividades complementarias á formación.
- h. Coidar e empregar correctamente os bens e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa. Corresponde ó/a Delegado/a de grupo dar parte, canto antes, á persoa responsable en cada caso, das roturas, danos, subtraccións ou calquera outro desperfecto que se produza na aula utilizada polo alumnado a quen representa. De haber intencionalidade, o/a alumno/a ou alumnos/as causantes terán a obriga de reparar ou repoñer o obxecto danado.
- i. Devolver os xustificantes de boletíns de notas e/ou outras notificacións, asinados pola seu pai/nai/ titor/a legal (se é menor de idade) no prazo que se estableza, para dar fe do seu coñecemento

4 Normas de convivencia no centro

O alumnado do CIFP Politécnico de Lugo debe saber que está obrigado a respectar as Normas de Convivencia, recollidas nas **Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do CIFP Politécnico de Lugo**, aprobadas polo Consello Social

Unha versión completa do NOF pode consultarse na páxina web do instituto (www.politecnicolugo.org) na sección ALUMNADO “documentos”

A saber:

- a. A comunicación entre os membros da comunidade educativa rexerase polas normas do respecto mutuo, non permitíndose ningún tipo de insultos, agresións físicas e morais, menosprezo, coaccións, etc.
- b. O/A delegado/a ou no seu defecto, o/a subdelegado/a serán as canles de comunicación de cada grupo coa dirección do centro en temas relacionados co grupo. Os membros da comunidade educativa manterán sempre unhas medidas de seguridade, hixiene persoal e de sanidade mínimas.
- c. Está prohibido tirar papeis e outros desperdicios no recinto escolar, fóra das papeleiras ou contedores destinados a este fin.
- d. Os membros da comunidade educativa deben coidar e utilizar correctamente os bens mobles, as instalacións do centro e respectar as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e. O uso do pavillón do centro educativo quedará suxeito á autorización do equipo directivo.
- f. No centro escolar deberase manter un comportamento correcto evitando as perturbacións da orde tanto durante as actividades lectivas como durante os cambios de espazo do alumnado no centro.
- g. As actividades que se impartan en horario lectivo serán de obrigada asistencia (conferencias, xornadas, cursos, etc) e trataranse a todos os efectos como sesións lectivas.
- h. Queda prohibido, dentro do centro, a utilización de calquera aparello electrónico que interrompa o normal funcionamento do centro ou violen a intimidade das persoas.
- i. Non se poderá comer nin beber nas aulas, agás circunstancias autorizadas polo profesor/a.
- j. Está prohibido fumar dentro do centro e en todo o recinto escolar.
- k. Están prohibidos os xogos de cartas dentro das aulas. Nas zoas comúns do centro (vestíbulo, etc) estarán permitidos sempre que se observe que teñen un carácter lúdico e entretido.
- l. O alumnado terá a obriga de identificarse sempre que así lle sexa solicitado por algún membro da comunidade educativa de cara a comprobar a súa pertenza ao centro.

- m. Está prohibido o uso do móbil dentro da aula, e de calquera outro dispositivo de comunicación e/ou gravación, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado, agás previa autorización da persoa que corresponda.
- n. Ningún membro da comunidade escolar poderá portar, consumir nin distribuír drogas nin substancias nocivas para a saúde en todo o recinto escolar.
- o. Dentro das aulas non estará permitido permanecer coa cara e cabeza cubertas, salvo causa que o xustifique e previo permiso expreso da dirección.
- p. Durante o recreo o alumnado non poderá permanecer nas aulas, salvo aqueles que estean autorizados.
- q. No caso de ausencia ou impuntualidade dun/dunha profesor/ora, o alumnado deberá agardar a súa chegada na aula/taller. Se o/a profesor/ora non chega, o/a delegado/a ou no seu defecto, o/a subdelegado/a, comunicará ao profesor/ora de garda na Sala do Profesorado ou ao Xefe/a de Estudos do centro.
- r. Durante as horas de clase o alumnado non poderá estar fóra da aula, nin abandonala sen causa xustificada e previo aviso á persoa responsable.
- s. O alumnado en idade de escolarización obrigatoria (menor de 16 anos) non poderá abandonar o centro durante a xornada lectiva sen causa xustificada e se o fai, terá que ser coa debida autorización dalgún membro do equipo directivo e acompañado/a polo seu pai/nai/titor/ora legal ou coa autorización escrita dos mesmos. Na conserxería do centro e na carpeta do Alumnado (na páxina web) haberá un modelo para esta autorización.
- t. O alumnado de FP Básica, en caso de ausencia do/a profesor/ora, permanecerá á espera do/a profesor/ora de garda. Non poderá abandonar o centro en ningún caso, agás autorización dalgún membro do equipo directivo, unha vez valoradas as circunstancias.
- u. Na cafetería do centro, o comportamento será o axeitado a un centro de ensinanza.
- v. Só se poderá acceder ao recinto interior do centro con vehículo si se dispón de correspondente autorización por parte da dirección do centro.
- w. O centro non se fará responsable da desaparición das pertenzas persoais do alumnado nas aulas, talleres ou outras dependencias do centro.

Incumprimento das normas

Cando un membro da comunidade educativa observe unha conduta contraria á convivencia no centro deberá notificalo por escrito á dirección do centro. Para esta finalidade estará á disposición de toda a comunidade un documento na páxina web do centro “COMUNICACIÓN DE INCIDENTES” que unha vez debidamente cuberto, entregará a Xefatura de Estudos.

Para o alumnado de FP Básica, na páxina web do centro, no apartado de “profesorado” está dispoñible un parte de incidencias on line, que é o que deberá ser cumprimentado

www.politecnicolugo.org > profesorado > PARTE DO ALUMNADO

A Dirección do centro valorará a situación e tomará as medidas oportunas. Consideraranse condutas contrarias á convivencia do centro as seguintes:

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA:

- a. Agresións físicas ou psíquicas, inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e. As actuacións que constitúan acoso escolar.
- f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos/didácticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas nas actividades complementarias á formación.
- i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos ao profesorado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias á formación. Este obxecto será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai/pai ou titor, se o alumno/a é menor de idade, ou do propio alumno/a se é maior de idade.
- k. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l. O incumprimento das sancións impostas.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA:

As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos graves causados no centro de forma intencionada, os actos inxustificados perturbadores do desenvolvemento das actividades do centro e as actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros do centro, que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas graves.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non alcance a gravidade requirida para ser considerada grave.

A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.

A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

MEDIDAS CORRECTORAS POLO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS ANTERIORES:

Principios xerais destas medidas:

- As correccións que se apliquen ao alumnado terán carácter educativo e recuperador.
- As correccións garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado.
- As correccións procurarán a mellora da convivencia.

- Ningún alumno/a poderá ser privado do seu dereito á educación. Para estes efectos non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición de correccións que impliquen a suspensión da asistencia ás clases.
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- A imposición das correccións respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- Na imposición das correccións terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes oportunos e recomendar ás nais e pais ou tutores legais a adopción das medidas necesarias.
- No caso do alumnado de F.P Básica, a persoa responsable da dirección do centro, adoptará a decisión de suspensión do dereito á asistencia ao centro por tres días lectivos no caso de acumulación de tres partes de comunicación de incidentes. Esta decisión comunicárase ao pai/nai/titor/ora legal do alumno/a antes de que se faga efectiva así como á Comisión de Convivencia do centro.
- En determinados casos, de estimarse conveniente, poderase solicitar a actuación do departamento de información e orientación profesional do centro e/ou equipo de orientación específico.
- Dentro das medidas correctoras, poderase incluír a posibilidade de que o departamento de información e orientación profesional do centro, desenvolva un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorre reiteradamente en condutas disruptivas ou ben alumnado que como consecuencia da imposición de medidas correctoras se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Para a graduación das medidas correctoras previstas tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento espontáneo da obriga de reparar os danos producidos no centro.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión dos prexuízos causados.
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, por razón de idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.
- As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón (artigo 24 da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa).
- As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición (artigo 24 da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa).

MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA:

As condutas gravemente prexudiciais poderán ser corrixidas coas seguintes medidas:

- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias á formación por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou á empresa no período de Formación en empresa (FORMACIÓN EN EMPRESA) por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro ou á empresa no período de Formación en empresa (FORMACIÓN EN EMPRESA) por un período de entre catro días lectivos e un mes.

MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA:

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas seguintes medidas:

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante o/ a xefe/a de Área de Formación.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias á formación do centro por un período de ata dúas semanas.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou á empresa no período de Formación en empresa (FORMACIÓN EN EMPRESA) por un período de ata tres días lectivos.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro ou á empresa no período de Formación en empresa (FORMACIÓN EN EMPRESA) por un período de ata tres días lectivos.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

No centro existe unha **COMISIÓN DE CONVIVENCIA**, órgano consultivo que facilitará a boa convivencia no centro e velará polo cumprimento das normas establecidas no documento PLAN DE CONVIVENCIA, a disposición do profesorado e do alumnado na páxina web do centro

COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Contamos tamén coa figura de **COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA**, que é unha referencia no centro nas comunicacións e intervencións relacionadas con posibles casos de violencia no mesmo, co obxectivo principal de xerar unha boa convivencia, reducindo os conflitos, mellorando as relacións sociais e polo tanto o benestar emocional.

Podes comunicarte con esta persoa a través do correo electrónico:
benestar@politecnicolugo.org

Conta cun espazo na páxina web do centro
https://www.politecnicolugo.org/index.php?option=com_content&view=category&layout=blog&id=207&Itemid=580

SERVIZO DE MEDIACIÓN

No centro está contemplado que exista un **SERVIZO DE MEDIACIÓN** constituído por profesorado e alumnado do centro.

A mediación é unha ferramenta de resolución de conflitos á que pode optar voluntariamente calquera membro da Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente, etc) que teña un conflito.

Non todos os conflitos son susceptibles de tratarse a través da mediación.

O Plan de Convivencia do centro establecerá que tipo de casos son derivables, a que tipo de compromisos se pode chegar e o procedemento a seguir. Será o equipo directivo do centro o que tome a última decisión de qué casos son susceptibles de procedemento conciliado a través do Equipo de mediación.

No caso de que o procedemento de mediación finalice cun acordo positivo entre as partes, poderá ser tido en conta no correspondente procedemento sancionado.

A utilización da mediación é un recurso pero non exime de dar cumprimento ao procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia contemplado na normativa correspondente, senón que a complementa, facilita e da coherencia educativa.

As seguintes condutas prexudiciais para a convivencia no centro nunca serán obxecto de mediación:

- A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio, de imaxes, arquivos de audio ou calquera outra información, que atente contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos, o sistema operativo e software instalado, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do Centro, ou a incitación a elas.
- O desacordo do alumnado con respecto aos criterios de cualificación recollidos na programación dos módulos.
- O incumprimento das sancións impostas.

USO DE TELÉFONOS MÓBILES E DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS

De acordo coa *Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos:

- Nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na lei orgánica educativa en vigor, entra en vigor **a prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos** como mecanismo de comunicación establecida **durante os períodos lectivos** debe estenderse tamén, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, incorporando os **períodos non lectivos**. En consecuencia, **non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos**.
- **Considéranse** aos efectos deste protocolo como **períodos non lectivos** os seguintes: **as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares**.
- Os centros poderán establecer **excepcionalmente** normas para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado.
- **Exceptuarase** desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.

CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO.

O ARTIGO 11 da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa (Ley 4/2011, de 30 de xuño) recoñece que no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ostenta a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que no seu defensa puidese sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando fose menor de idade.

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste apartado obriga á alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando ao dispor da nai ou pai ou da

titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se fose maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que puidesen corresponder

5 Servizos do centro

5.1. Biblioteca

O centro dispón dunha biblioteca cuns fondos importantes (libros, e-books, DVD, CD, vídeos...) tanto dende o punto de vista xeral como técnico, que poden consultarse en sala ou en préstamos. Na biblioteca atópanse tamén varios ordenadores con conexión a internet para que o alumnado poida facer as consultas que precise a través da rede

Horario: segundo dispoñibilidade do profesorado, de acordo co cadro horario localizado na biblioteca.

As normas para o uso e adecuado funcionamento da biblioteca pódense consultar nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), que pode consultarse na páxina web do instituto (www.politecnicolugo.org) na sección ALUMNADO : documentos

5.2. Bolsa de emprego

O centro , a través do Departamento de Información e Orientación profesional, xestionará una bolsa de emprego.

Podes inscribirte, ao rematar o ciclo formativo, na bolsa de emprego na páxina web do centro. Recibirás as ofertas de emprego que cheguen ao centro

5.3. Outros

- **Fotocopiadora**

Pódense realizar fotocopias na conserxería ao prezo estipulado pola dirección do centro no horario establecido.

- **Cafetería**

O centro conta con cafetería que dispón de servizo de comidas. Non se serve bebidas alcohólicas nin está permitido o xogo

- **Redes Sociais**

O centro está presente en facebook ([cifp politecnico de lugo](https://www.facebook.com/cifp.politecnico.de.lugo)) e en instagram ([politecnicolugo](https://www.instagram.com/politecnicolugo))

- **Páxina web**

O centro dispón de páxina web:

www.politecnicolugo.org

con información actualizada sobre convocatorias... de interese e que dispón dunha área específica para o alumnado con acceso a documentos....

- **Buzón de Suxestións e Queixas**

No vestíbulo principal do centro dispónse dun buzón no que o alumnado poderá depositar as súas suxestións (ideas que se aportan á dirección do CIFP con ánimo construtivo para a súa mellora) ou queixas (mostras de insatisfacción sobre algún aspecto do funcionamento do centro)

- **Buzón de PUNTO LARANXA contra o acoso e ciberacoso escolar**

O centro ten habilitado un PUNTO LARANXA no vestíbulo da cafetería no que o alumnado que sufra ou coñeza algunha situación de acoso ou ciberacoso escolar no centro a poida denunciar de maneira anónima.

Tamén se habilita un PUNTO LARANXA VIRTUAL na páxina web do centro coa mesma finalidade.

- **Trámites en liña**

A través da páxina web poderás realizar diferentes trámites como solicitude de cita previa para a oficina do centro ou para o Departamento de Información e Orientación Profesional, solicitude de certificados académicos...

6 Calendario escolar

CALENDARIO ESCOLAR 2025-2026

2025							2026						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
SETEMBRO							OUTUBRO						
								1	2	3	4	5	
08	09	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12
15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19
22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26
29	30						27	28	29	30	31		
NOVEMBRO							DECEMBRO						
					1	2		1	2	3	4	5	6
					8	9	8	9	10	11	12	13	14
					15	16	15	16	17	18	19	20	21
					22	23	22	23	24	25	26	27	28
					29	30	29	30	31				
XANEIRO							FEBREIRO						
			1	2	3	4						1	
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22
26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	
MARZO							ABRIL						
						1			1	2	3	4	5
						8	6	7	8	9	10	11	12
						15	13	14	15	16	17	18	19
						22	20	21	22	23	24	25	26
						29	27	28	29	30			
MAIO							XUÑO						
			1	2	3		1	2	3	4	5	6	7
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
18	19	20	21	22	23	24							
25	26	27	28	29	30	31							

Mes	Día	
Setembro	8	Comezo das clases na Formación Profesional
Outubro	6	Día non lectivo. Festivo local (San Froilán)
	31	Día non lectivo. Día do Ensino.
Novembro	3	Día non lectivo.
Decembro	8	Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción.
	22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7	
Febreiro	16, 17, 18	Vacacións de Entroido.
Marzo	19	Día non lectivo. San Xosé.
	20	Día non lectivo propio de centro
	30, 31	Vacacións de Semana Santa
Abril	1, 2, 3, 4, 5, 6	
Maio	1	Día non lectivo. Día do Traballo.
Xuño	15	Remate das clases na formación profesional (2º curso)
	19	Remate das clases na formación profesional (1º curso)

7 Horario

RÉXIME	HORARIO
Ordinario Mañá	8:30-15:00 h (descanso de 30' de 11:30-12:00)
Ordinario Tarde e Modular	16:00-22:15 h (descanso de 15' de 19:00-19:15)

Horario de Secretaría: luns a venres de 09:00 a 14:00 horas.

Tanto as entradas como as saídas da clase indicaranse por medio do timbre de centro, non podendo o alumnado, entrar nin saír da aula entre clase e clase, salvo xustificación, para non interferir na orde académica.

A duración dos períodos lectivos será de 60', non tendo lugar ningún tipo de descanso entre clase e clase agás no recreo.

8 Información de interese

8.1. Matrícula e convocatorias

A matrícula no ciclo ou módulo para cada curso académico da dereito a unha única convocatoria, que se esgota cando se realice a avaliación final de módulos do curso.

O alumnado poderá ser avaliado dun mesmo módulo profesional un máximo de catro convocatorias, con independencia do réxime ou modalidade que se curse. A única excepción é o módulo de Formación en empresa, que terá dúas convocatorias.

No réxime ordinario a matrícula formalízase por curso completo.

No réxime modular realízase por módulos, non podendo superar a carga lectiva anual de 1000 horas e sempre que se garanta a compatibilidade horaria do 90% na modalidade presencial.

No réxime ordinario o alumnado de 1º que promociona de curso ten reservada a praza para 2º, debendo formalizar a correspondente matrícula no prazo establecido.

No réxime modular cada curso haberá que facer unha nova solicitude de admisión. Aínda que a praza non está garantida, cada módulo superado incrementa a puntuación de participación no proceso de admisión.

Matrícula no mesmo centro.

O alumnado de réxime ordinario poderá repetir unha vez cada curso no mesmo centro; de precisar unha terceira ou cuarta matrícula debería solicitar admisión noutro centro, salvo que existirán prazas dispoñibles e non houbese listaxe de espera.

Anulación de matrícula

– Se durante os cinco primeiros días lectivos do curso se observase a inasistencia de determinados alumnos ou alumnas, o centro docente requiriralles por escrito a súa inmediata incorporación nun prazo máximo de tres días contados desde a data de recepción da notificación e comunicaralles que, en caso de non se producir esta, agás causa debidamente xustificada, se procederá á anulación da súa matrícula.

Para estes efectos, entenderase que o requirimento realizado polo centro ao alumnado se realiza a través do sistema de información Abalar ou da aplicación AbalarMobil. No caso de non estar dispoñibles para o alumnado Abalar ou AbalarMobil, o requirimento realizarase a través do correo electrónico facilitado polo alumnado na solicitude de admisión ou matrícula.

– O alumnado tamén poderá solicitar de xeito voluntario a anulación da súa matrícula cunha antelación mínima dunha semana ao remate do período de matrícula.

A anulación da matrícula non computará para efectos de convocatorias consumidas

Máis información

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15-07-2011).
- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

8.2. Promoción e recuperacións

Promoción de curso no réxime ordinario: todos os módulos superados ou con módulos suspensos que non superen as 300 horas.

Cando un alumno/a non logre a promoción só deberá repetir os módulos profesionais non superados, a excepción de 1º curso de FP Básica no que se repite curso completo.

No caso de pasar a segundo con algunha materia pendente de primeiro, o alumno/a deberá realizar as actividades de recuperación que se lle propoñan e será avaliado na avaliación parcial de segundo curso previa á FORMACIÓN EN EMPRESA.

En 2º curso, de non superar todos os módulos de primeiro e/ou segundo, o alumnado poderá recuperalos no período en que os compañeiros e compañeiras estean realizando a FORMACIÓN EN EMPRESA.

Máis información

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15-07-2011).
- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

8.3. Validacións

Coa validación dáse por superada un parte ou partes de estudos oficiais que se están a realizar tendo en conta a formación achegada e superada pola persoa interesada con anterioridade.

Nos estudos de Formación Profesional a unidade mínima de validación é o módulo formativo.

A validación require a matrícula previa do alumnado no módulo que se desexa validar a excepción da oferta modular.

A validación de módulos profesionais non será efectiva ata que a o alumnado presente a resolución favorable correspondente na secretaría do centro onde estea matriculado. Mentres a persoa solicitante non teña a resolución non estará exenta da asistencia ás clases e da súa presentación ás avaliacións correspondentes

- A experiencia profesional e a formación non formal non poderá ser achegada para validar módulos.
- Os módulos previamente validados non poden utilizarse para solicitar outra validación.
- Os estudos declarados equivalentes e os títulos estranxeiros homologados non poden achegarse para solicitar validacións.
- Os módulos que valida a Dirección do Centro:
 - No réxime ordinario, considéranse como superados para a promoción de curso.
 - No réxime modular, non se consideran a efectos de compatibilidade e carga horaria.
 - No caso de matrícula simultánea, non se considerarán para os efectos de compatibilidade
- Módulo profesional de Proxecto e/ou Proxecto Intermodular: non será obxecto de validación nin de exención algunha.
- Módulo FORMACIÓN EN EMPRESA e/ou período de formación en empresa: non será susceptible de validación, senón de exención total ou parcial.

• Competencia para a resolución da validación:

– As solicitudes de validacións serán resoltas **polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes** nos seguintes supostos:

- a) Achega de estudos universitarios oficiais para solicitar a validación de módulos profesionais, agás o módulo profesional de Lingua estranxeira que resolverá o centro educativo.
- b) Achega de títulos de formación profesional e módulos experimentais de nivel II ou nivel III, regulados ao abeiro da Lei 14/1970, do 4 de agosto, agás o módulo profesional de Lingua estranxeira, que resolverá o centro educativo.
- c) Achega de títulos regulados ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE), para solicitar a validación de módulos profesionais incluídos nos títulos regulados ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro (LOXSE), agás o módulo profesional de Formación e orientación laboral de títulos de grao medio da Lei orgánica 1/1990, cando se achegue calquera módulo de Formación e orientación laboral da Lei orgánica 2/2006, que resolverá o centro educativo, segundo se establece na disposición transitoria segunda do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro.

– A resolución da validación de módulos profesionais distintos aos recollidos nos dous puntos anteriores será competencia da **dirección do centro educativo** público onde conste o expediente académico da persoa solicitante.

• Requisitos e prazos para solicitar validacións

A persoa solicitante deberá estar matriculada no centro docente e presentar a solicitude de validación no modelo establecido ao efecto:

1. Se a resolución da validación corresponde á dirección do centro educativo, o alumnado deberá presentar o anexo XIV da Orde de 12 de xullo de 2011 debidamente cuberto, DENTRO DOS PRIMEIROS VINTE DÍAS DO INICIO DAS CLASES

2. Se a resolución de validación corresponde ao Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, o alumnado deberá presentar o anexo V do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro (BOE do 30 de decembro).

O PRAZO DE PRESENTACIÓN de solicitudes de validación que resolve o ministerio iníciase o día en que comeza o curso escolar e finaliza o derradeiro día do curso escolar.

Só se poderá presentar unha única solicitude de validación por curso académico.

Trataranse con preferencia os expedientes presentados dende o inicio do prazo para realizar a matrícula ata a finalización do mes de outubro de cada curso escolar.

Na páxina web do centro poderanse descargar os dous modelos de solicitudes de validación:

-Resolución polo centro educativo: Anexo XIV Orde 12 de xullo de 2011.

-Resolución polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deporte: Anexo V Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro.

• Validacións módulos profesionais comúns a varios ciclos formativos

MÓDULO A VALIDAR	FORMACIÓN QUE DEBE APORTAR
Itinerario profesional para a empregabilidade I (IPE I) de ciclos medios e superiores	- IPE I noutras ensinanzas - FOL dun título LOE - FOL dun título LOXSE+ Curso Prevención riscos laborais de nivel básico - Outros supostos previstos no R.D. 1085/2020, do 9 de decembro.
Itinerario profesional para a empregabilidade II (IPE II) de ciclos medios e superiores	- Ter superado Empresa e Iniciativa emprendedora (EIE) noutro título LOE - Outros supostos previstos no R.D. 1085/2020, do 9 de decembro.
Inglés profesional	- Se se trata da mesma lingua con módulos ou certificacións oficiais de nivel Avanzado B2 para ciclos superiores. - Se se trata da mesma lingua con módulos ou certificacións oficiais de nivel Intermedio B1 para ciclos medios. - Con titulacións de Filoloxía ou Tradución e Interpretación da especialidade de Inglés.
MP0156 Inglés profesional	Unha vez cursado en calquera ciclo de grao medio non será obxecto de validación no caso de matrícula noutro ciclo de grao medio (considerarase superado e trasladarase a cualificación)
MP0179 Inglés profesional	Unha vez cursado en calquera ciclo de grao superior non será obxecto de validación no caso de matrícula noutro ciclo de grao superior (considerarase superado e trasladarase a cualificación)
Dixitalización	Entre os ciclos da mesma familia profesional e do mesmo grao (exemplo entre o CM Instalacións eléctricas e automáticas e o CM Instalacións de telecomunicacións pero non co CS Automatización e Robótica industrial)
Sostibilidade	Entre ciclos da mesma familia profesional (exemplo entre o CM Instalacións eléctricas e automáticas o CM Instalacións de telecomunicacións e o CS Automatización e e robótica industrial)
Habilidades comunicativas en lingua estranxeira de Grao medio	- Módulo de Inglés de Grao medio ou de Grao Superior superado que fose impartido cunha duración de 160 horas. - Módulo autonómico de Lingua estranxeira profesional de Grao Medio ou de Grao Superior. - Certificacións oficiais do Marco común europeo de nivel Intermedio B1 ou superior. - Título de grao ou equivalente en Filoloxía ou Tradución e Interpretación en calquera especialidade de lingua inglesa.
Afondamento nas competencias profesionais orientado a unha lingua estranxeira	Ter superado o módulo autonómico de Lingua estranxeira profesional II do mesmo grao ou superior.
Módulos co mesmo código e denominación entre distintos ciclos (agás: Dixitalización, Sostibilidade, Habilidades comunicativas e Afondamento nas competencias profesionais)	Ter cursado e superado ese/s módulo/s idéntico/s co mesmo código e denominación noutro ciclo.

• Validación mediante unidades de competencia ou estándares de competencia profesionais os módulos profesionais dos graos D e E

- Son susceptibles de validación os estándares de competencia acreditados por un procedemento de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou outras vías formais ou informais

- Para iso, serán de aplicación as táboas de «correspondencia entre unidades de competencia acreditadas cos módulos profesionais para a súa validación», recollidas nos anexos correspondentes dos títulos que regulan as devanditas ensinanzas.

- Para estes efectos, se na mesma cela aparecen dúas ou máis unidades de competencia acreditadas, deberase entender que para a validación cumprirá posuír todas elas de maneira simultánea.

- A data da acreditación das unidades de competencia debe ser anterior á formalización da matrícula.

- Non é posible a validación de módulos achegando unidades de competencia obtidas pola superación de módulos profesionais do sistema educativo. Neste caso, aplicárase a validación de módulos que corresponda.

- A experiencia profesional e a formación non formal non poderán ser achegadas para a validación de módulos profesionais, se non foron obxecto de recoñecemento a través dun procedemento de acreditación de competencias profesionais.

• Cualificación dos módulos validados

- Cada módulo profesional validado recollerase nos documentos académicos, aos efectos de cálculo da nota media do ciclo formativo de Formación Profesional, coa cualificación obtida polo solicitante no módulo profesional cursado que conste na documentación académica correspondente.
- Naqueles casos, nos que a validación esixa considerar máis dun módulo profesional, a cualificación final será o resultado do cálculo da media aritmética das cualificacións obtidas nos devanditos módulos.
- Se a persoa achega como formación previa algún módulo con cualificación numérica e algún outro módulo sen cualificación, por ter sido previamente validado, non é posible conceder a validación.
- Nos casos en que cumpra presentar a superación dun ciclo completo para a validación dalgún módulo, de non existir ningún módulo validado nese ciclo, a cualificación será a nota media do ciclo formativo, e de existir algún módulo validado, a cualificación será a nota media do resto dos módulos con cualificación.
- Cando sexa preciso realizar o cálculo da media aritmética das cualificacións, arredondarase ao número enteiro inmediatamente inferior, se o primeiro dígito decimal está abranguido entre 1 e 4, e ao número enteiro inmediatamente superior, se o primeiro dígito decimal está abranguido entre 5 e 9.
- Os módulos profesionais que sexan susceptibles de validación pola achega de estudos universitarios, por ter superados estudos anteriores á LOXSE ou por ter superadas estándares ou unidades de competencia do Catálogo Nacional das Cualificacións, non levarán asinada ningunha puntuación, constando no expediente do alumnado como validado e non computarán aos efectos de cálculo da nota medio do ciclo formativo.
- Os módulos profesionais que teñan os mesmos códigos, as mesmas denominacións, capacidades terminais ou resultados de aprendizaxe, contidos e duración, serán considerados módulos idénticos, independentemente do ciclo formativo ao que pertencen, e trasladaranse as cualificacións obtidas nos módulos profesionais superados a calquera dous ciclos en que estean incluídos.

• Validacións desde estudos universitarios a Formación Profesional

✓ **Requisito indispensable**

Estar matriculado/matriculada nun centro cursando ensinos de FP e os trámites realízanse na Secretaría do centro educativo no que a persoa se atope matriculada.

✓ **Que se pode validar**

- Este tipo de validacións outórganse de forma individual, previo estudo e comparación dos programas formativos. Non se pode saber con antelación que módulo ou módulos profesionais en concreto serán validados ata que non se tramite e se resolva a validación.
- As validacións entre estudos universitarios e de Formación Profesional poderanse solicitar cando estes últimos sexan de Grao Superior e non se poderán aplicar a Titulacións de Grao Medio.
- Como máximo, pódese validar o 60% do total de créditos ECTS do Título de FP de Grao Superior establecidos no real decreto polo que se establece o título Técnico Superior e fíxanse os aspectos básicos do currículo, sempre que se acheguen ensinos universitarios que estean relacionadas co campo de coñecemento e exista similitude entre as competencias, coñecementos e resultados de aprendizaxe.

Normativa reguladora

- Real Decreto 659/2023, de 18 de julio, por el que se desarrolla la ordenación del Sistema de Formación Profesional. CAPÍTULO VI. Sección 1ª. Artículo 126 y siguientes

- Para os títulos establecidos con anterioridade ao 5 de marzo de 2017: Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro, polo que se establecen validacións de módulos profesionais dos títulos de Formación Profesional do sistema educativo español e as medidas para a súa aplicación, e se modifica o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo (modificado polo Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema da formación profesional e do Real decreto 500/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de formación profesional de grao superior e se fíxan as súas ensinanzas mínimas)

- Para os títulos establecidos con posterioridade ao 5 de marzo de 2017, será de aplicación o disposto no anexo IV de cada un dos respectivos reais decretos e, complementariamente, o Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15-07-2011).

- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26. Artigo quinto

- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025/26. Artigo vixésimo segundo

Máis información

- <http://www.edu.xunta.es/fp/validacion-modulos-profesionais>

No mesmo portal educativo da Consellería está dispoñible unha **Guía visual** con información sobre as validacións na formación profesional.

https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/11385

- Departamento de Orientación e Información Profesional do CIFP Politécnico de Lugo

8.4. Faltas de asistencia. Perda do dereito á avaliación continua

Regulación establecida nas Normas de Organización de Funcionamento de Centro (NOF) do CIFP Politécnico de Lugo aprobadas polo Consello Social

As Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), que pode consultarse na páxina web do instituto (www.politecnicolugo.org) na sección ALUMNADO : documentos

Xuntamos as mesmas:

- Todo o alumnado matriculado en ensinanzas presenciais terá a obriga de asistir ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.
- Cando un alumno ou alumna chegue tarde a unha clase o/a profesor/ora poderá non deixalo entrar ata o seguinte período lectivo. Se non o deixa entrar, computaralle como unha falta de asistencia. Se o deixa entrar, o/a profesor/ora poderá converter tres faltas de puntualidade nunha de asistencia.
- As faltas de asistencia xustificaranse ante o/a profesor/ora co que se tivese clase ese día de ausencia así coma diante do/a profesor/ora tutor/ora, ao que se lle entregarán os xustificantes para a súa custodia.

O alumnado, tras unha ausencia breve, entendendo como tal ata cinco días, poderá presentar un documento para a xustificación das faltas, que entregará o primeiro día da súa incorporación.

No caso de ausencia prolongada, entendendo como tal superior a cinco días, o alumnado, un familiar ou tutor/ora legal terán cinco días, a partir do primeiro día de falta, para entregar o documento xustificativo da falta ou contactar co seu tutor/ora para informar da situación. De non cumprirse o anterior non se terán en conta eses xustificantes.

- A xustificación destas faltas de asistencia deberá documentarse como no mundo laboral (documento orixinal no que conste a data e as horas da falta e debidamente selado e asinado).
- Só se xustificarán as faltas, cando se documenten axeitadamente as seguintes circunstancias:
 - a. Enfermidade grave do/a alumno/a ou dun familiar de 1º ou 2º grao.
 - b. Morte dun familiar de 1º ou 2º grao.
 - c. Revisións, consulta ou tratamentos médicos do/a alumno/a dentro da xornada lectiva.
 - d. Concorrer a exames ou outras probas oficiais.

- e. Deber inescusable de carácter público.
- f. Outras obrigas que o/a titor/a e/ou equipo docente considere obxecto de xustificación.

- Non se considerarán faltas xustificadas as faltas que non se xustifiquen documentalmente e as que non entren dentro dos apartados contemplados anteriormente.

En caso de dúbida será a criterio da dirección do centro educativo a aceptación ou non da condición de xustificables.

- Tal como se recolle na lexislación vixente (Artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 que regula o desenvolvemento, avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, “O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro”)

Atendendo ás circunstancias que menciona a normativa e de cara a acadar un criterio homoxéneo para todos os equipos docentes, estes poderán decidir limitar o número máximo de faltas xustificadas por “Revisións, consulta ou tratamento médico dentro da xornada lectiva” a un máximo dun 10% das horas totais do módulo.

A tal efecto, o/a titor/ora enviará un apercibimento ao alumno/a cando as faltas de asistencia inxustificadas nun módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen as citadas porcentaxes comunicarse a perda do dereito á avaliación continua.

A comunicación ao alumnado, ou ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal, de ser o caso, poderase realizar empregando medios electrónicos. No caso de optar por unha comunicación por medios electrónicos, empregarse obrigatoriamente o sistema de información Abalar ou a aplicación AbalarMobil.

- O alumnado que perde a avaliación continua ten dereito a asistencia a clase, aínda que, o profesorado pode non permitir-lle a realización de determinadas actividades se estas implican algún tipo de risco para si mesmos, para o resto do grupo ou para as instalacións.

- Segundo se recolle na lexislación que regula as ensinanzas de formación profesional básica, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non lle será de aplicación ao alumnado de ciclos formativos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria nin ao alumnado dos cursos de especialización.

Cando un alumno/a en idade de escolarización obrigatoria acumule un número de faltas sen xustificar superior ao 10 %, iniciárase o protocolo de absentismo escolar conforme ao modelo e protocolo establecido no Protocolo para a Prevención do Absentismo Escolar en Galicia e as instrucións do 31 de xaneiro de 2014.

- No caso de secundar unha convocatoria de folga, o/a delegado/a presentará na xefatura de estudos unha listaxe do alumnado que pretenda participar nela, coa sinatura individualizada para os maiores de idade e coa autorización do pai/nai no caso de menores de idade, cunha antelación mínima de 24 horas, para permitir planificar a organización do centro.

- **A asistencia a folga NON terá a consideración de falta xustificada.**

- Tal como se recolle na lexislación vixente (Artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011 que regula o desenvolvemento, avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, o centro realizará a baixa de oficio de matrícula cando un alumno ou unha alumna non asistan inxustificadamente á clase durante o resto do curso académico de xeito continuado por un período superior a 15 días lectivos ou, de xeito discontinuo, por un período superior a 25 días lectivos. Esta baixa de oficio suporá a perda da condición de alumno ou de alumna do ciclo formativo e computarase como convocatoria xa consumida).

- O/A profesor/ora titor/ora deberá comunicar aos pais/nais do/a alumno/a ou o propio alumno/a, se é maior de idade todas as faltas de asistencia e de puntualidade ás clases de cada mes, diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.

- No caso de **PERSOAS CANDIDATAS AOS PROCEDIMENTOS ANUAIS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS**, a xustificación das faltas ás citacións de asesoramento e avaliación será nos mesmos termos e condicións que

para o resto do alumnado. A xustificación deberá ser presentada no centro nos cinco días seguintes aos da sesión, por escrito e acompañada da documentación acreditativa.

- Para as **PERSOAS MATRICULADAS NAS CONVOCATORIAS ANUAIS DE PROBAS LIBRES**, a xustificación de faltas á xornada de acoillida ou ás probas será nos mesmos termos que para o resto do alumnado do centro. Neste caso o prazo para xustificación será sempre anterior á data de convocatoria da proba á que se presente.

Tal como recolle o artigo 8 da Lei Orgánica 8/1985 de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, os centros educativos facilitarán o dereito de reunión do alumnado para o cal, as decisións colectivas que adopten, con respecto á asistencia ás clases non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando sexan resultado do exercicio do dereito á reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro educativo.

8.5. Baixa de oficio

- Supón a posibilidade de que o centro formalice a baixa de oficio dun alumno ou alumna que non asista -sen causa xustificada- ás actividades lectivas por un período continuado superior a 15 días lectivos ou, de xeito descontinuo, por un período superior a 25 días lectivos
- Suporá a perda da condición de alumno ou de alumna do ciclo formativo, e a correspondente convocatoria computarase como xa consumida
- De aplicación unicamente nas modalidades presenciais
- Con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumnado que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicárase a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula no caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos.

A comunicación ao alumnado, ou ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal, de ser o caso, poderase realizar empregando medios electrónicos. No caso de optar por unha comunicación por medios electrónicos, empregárase obrigatoriamente o sistema de información Abalar ou a aplicación AbalarMobil

Máis información

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15-07-2011).
- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

8.6. Traslado

- Procedemento polo cal un alumno ou unha alumna matriculado/a solicita, antes da finalización do correspondente curso académico, cursar as mesmas ensinanzas de formación profesional nun centro educativo ou nun réxime diferente.
- Unicamente se permitirán traslados de matrícula dentro do mesmo réxime, ou do réxime ordinario ao réxime para as persoas adultas.

Motivos

- Doenza grave de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.
 - Incorporación a un posto de traballo mediante un contrato de duración superior a dous meses, que impida cursar de xeito presencial os estudos no centro onde se estea matriculado.
 - Cambio de residencia a diferente localidade do pai, da nai ou da persoa que exerza a tutoría legal, con quen conviva a persoa solicitante, ou do interesado no caso de ser maior de idade.
- Estas circunstancias deberán acreditarse documentalmente

Procedemento

- Presentación da solicitude de traslado no centro onde soliciten ser admitidos
- A dirección do centro solicitado resolverá sobre a petición de traslado no prazo máximo de 10 días naturais.

Outras consideracións

- Con carácter xeral, non se admitirá traslado ningún durante o período oficial de matriculación, nin no derradeiro mes do curso, nin no derradeiro mes anterior ao inicio do período ordinario de realización do módulo de FORMACIÓN EN EMPRESA, durante o segundo curso do ciclo formativo no réxime ordinario.
- Non procederá en ningún caso a autorización de traslado de matrícula cando o alumno ou a alumna perdesse, no centro de orixe, o dereito á avaliación.
- O procedemento de traslado de matrícula non lle será de aplicación ao alumnado procedente de renuncia ou que causase baixa no ciclo formativo.

Máis información

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15-07-2011).
- Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25

8.7. Renuncia á matrícula

Supón a posibilidade de que o alumnado renuncie, con carácter xeral, por unha soa vez, á avaliación e á cualificación da totalidade dos módulos profesionais do ciclo formativo en que se formalizase a matrícula, no caso do réxime ordinario, ou de forma parcial no caso do réxime de persoas adultas co fin de non esgotar as catro convocatorias previstas para cada módulo profesional

Excepcionalmente, poderase renunciar máis dunha vez no caso de doenza prolongada de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

- A aceptación da renuncia non implicará reserva de praza para o seguinte curso académico, de modo que para reincorporarse novamente a estes estudos, deberá someterse a un novo proceso de admisión.

Prazo

- a) No caso de que todos os módulos sexan de formación no centro educativo (módulos de primeiro curso en réxime ordinario ou calquera módulo en réxime para as persoas adultas): cunha antelación mínima de dous meses á avaliación final de módulos correspondente.
- b) No caso do alumnado de segundo curso en réxime ordinario, en que os módulos de formación de segundo curso se realicen no centro educativo e no centro de traballo: cunha antelación mínima de dous meses á data prevista como inicio do período ordinario da FORMACIÓN EN EMPRESA.

Motivos

- Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- Incorporación a un posto de traballo mediante un contrato de duración superior a dous meses, nun horario incompatible coas ensinanzas do ciclo.
- Obrigas de tipo familiar ou persoal que impidan a normal dedicación ao estudo.
- A renuncia á matrícula sempre se deberá xustificar documentalmente.

Procedemento

- A solicitude de renuncia de matrícula, xunto coa documentación acreditativa, deberase presentar ante a dirección do centro educativo
- A dirección do centro resolverá no prazo máximo de dez días hábiles.
- No relativo á renuncia ao módulo de FORMACIÓN EN EMPRESA, terase en conta o establecido na súa normativa reguladora.

Máis información

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15-07-2011).
- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

8.8. Formación en Empresa

Os ciclos formativos de oferta ordinaria polo réxime xeral (no que ti estás matriculado) incorporarán un período de formación na empresa ou no organismo equiparado.

Desta forma, implicase á empresa na formación, poténciase a cooperación dos centros educativos co sector empresarial e alcánzase unha formación máis conectada coa realidade laboral.

Desenvolverase procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas na formación do centro educativo complementadas coas actividades produtivas do centro de traballo, nas que o alumnado desempeña actividades e funcións propias dous diferentes postos de traballo do perfil profesional do ciclo formativo, ao tempo que se familiariza coa organización dos procesos do ámbito produtivo e as relacións laborais.

O CIFP Politécnico de Lugo, dispón dunha ampla rede de empresas colaboradoras das distintas especialidades, para o correcto desenvolvemento das prácticas formativas.

a) ALUMNADO DE 1º CURSO CICLOS FORMATIVOS DE OFERTA ORDINARIA, PRESENCIAL, RÉXIME XERAL: FORMACIÓN EN EMPRESA OU ORGANISMO EQUIPARADO

- Como máximo 200 horas nos ciclos de grao medio e de grao superior.

De acordo co establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do CIFP Politécnico de Lugo, o alumnado de 1º curso dos ciclos formativos de oferta ordinaria, modalidade presencial polo réxime xeral, poderá acceder ao período de formación na empresa/organismo equiparado sempre e cando cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Ter cumpridos 16 anos no momento de acceder á empresa/organismo equiparado.
- Ter superada a unidade formativa de Prevención de riscos Laborais do módulo Itinerario persoal para a empregabilidade dos ciclos de grao básico, así como os resultados de aprendizaxe relacionados coa prevención de riscos laborais que teñan incorporados os outros módulos profesionais do primeiro curso.
- Que existan prazas dispoñibles nas empresas cun perfil adecuado ao currículo dos módulos do 1º curso do ciclo formativo.
- Que o alumno/a non teña perda do dereito á Avaliación continua en ningún módulo.
- Ter superados nas avaliacións parciais que se tiveran realizado no momento do acceso todos os módulos formativos.
- Que o alumno/a non fose obxecto durante o curso de medidas disciplinarias.
- Que o equipo docente de 1º curso de xeito colexiado, deixando constancia en acta de reunión, tome a decisión por maioría de que o alumno/a ten recoñecida correcta disposición e capacidade para o traballo en equipo e a axeitada actitude e aptitude para realizar con aproveitamento a formación na empresa/organismo equiparado

- O alumnado non incorporado a este período formativo na empresa seguirá coa súa formación non centro educativo.

b) ALUMNADO DE 2º CURSO CICLOS FORMATIVOS DE OFERTA ORDINARIA, PRESENCIAL, RÉXIME XERAL: FORMACIÓN EN EMPRESA OU ORGANISMO EQUIPARADO

- Nos ciclos formativos de grao medio e superior a duración da formación na empresa será de 500 horas.

b) O alumnado poderá ser incorporado a este período formativo nos seguintes casos:

- i. Que a persoa sexa maior de dezaseis anos.
- ii. Que a persoa conte co certificado de Prevención de riscos laborais.
- iii. Que teña na segunda avaliación parcial cualificación positiva en módulos que supoñan como mínimo o 50 % do horario semanal.

c) Excepcionalmente, poderase:

- i. Incorporar o alumnado á fase de formación na empresa que, non cumprindo o requisito do punto 3.b).iii., o equipo docente así o considere.
- ii. Adiantar a realización dunha parte do período de formación na empresa ou organismo equiparado atendendo ás circunstancias específicas do sector, contando coa autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional.

d) Para o alumnado non incorporado á fase de formación na empresa, o centro educativo establecerá as medidas de organización precisas, coa finalidade de que o alumnado alcance as competencias profesionais necesarias para abordar con garantía as actividades formativas na empresa nun período posterior

No caso dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior, todos os módulos poderán ser susceptibles de incorporar formación na empresa ou no organismo equiparado, mentres que nos formativos de grao básico só se considerarán os resultados de aprendizaxe do ámbito profesional..

Para o alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo de segundo curso, realizarase unha proba extraordinaria antes da segunda avaliación parcial e a cualificación obtida reflectirase na correspondente sesión de avaliación.

Aprazamento da formación en empresa

O alumnado matriculado nos segundos cursos e que non poida realizar esta fase de formación no período previsto, poderá solicitar á dirección do centro educativo o seu aprazamento por circunstancias excepcionais: doenza ou accidente grave, maternidade ou paternidade, incompatibilidade cunha xornada laboral que impida a súa realización ou outras similares.

Avaliación da formación en empresa

A avaliación do alumnado será responsabilidade do profesorado dos módulos profesionais do centro educativo, tendo en conta as achegas do titor da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nesta.

A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para cada módulo profesional.

O titor ou a titora da empresa, ao finalizar a actividade formativa, valorará en termos de «superado» ou «non superado» cada resultado de aprendizaxe e realizará unha valoración cualitativa da estadía formativa da persoa e as súas competencias profesionais e para a empregabilidade.

Organización da formación na oferta modular dos grados D

Na oferta modular, no caso de matrícula por módulos individuais, tanto na modalidade presencial como na semipresencial, a distancia ou virtual, a formación no centro educativo organizarase con base nas seguintes consideracións:

- Os módulos que figuran no primeiro curso de cada ciclo formativo de tratarse de oferta ordinaria polo réxime xeral, impartiranse totalmente no centro educativo.
- Os módulos que figuran no segundo curso de cada ciclo formativo de tratarse de oferta ordinaria polo réxime xeral, realizaranse entre o centro educativo e a empresa ou organismo equiparado, reservando polo menos 500 horas para a formación na empresa, para o que se reducirá proporcionalmente a duración de cada módulo.
- O módulo de Proxecto intermodular realizarase simultaneamente coa fase de formación na empresa ou organismo equiparado.

Cualificación do alumnado que non realizase a formación na empresa

No caso do alumnado que non puidese realizar a fase de formación na empresa por circunstancias excepcionais recollidas anteriormente ou por non cumprir o requisito de ter superado o número mínimo de horas (que teña na segunda avaliación parcial cualificación positiva en módulos que supoñan como mínimo o 50 % do horario semanal), na avaliación final a cualificación dos módulos expresarase como «Pendente da formación na empresa» (PF), seguido da cualificación obtida polo alumno ou a alumna no módulo profesional durante a fase de formación no centro educativo.

Non será de aplicación nos primeiros cursos dos ciclos de oferta ordinaria e nos módulos en que a formación se realice totalmente no centro educativo.

A designación como «PF» non computará para os efectos de convocatoria consumida da fase de formación na empresa.

As cualificacións nos módulos profesionais superiores a 5 acompañadas da abreviatura PF indicarán que se superou a fase de formación no centro e conservaranse á espera da realización ou superación da fase de formación na empresa para a súa cualificación final. No expediente académico do alumnado conservaranse as cualificacións que sexan iguais ou superiores a cinco puntos da fase de formación no centro, e teranse en conta para determinar a cualificación final do módulo profesional unha vez realizada a formación na empresa.

Más información

- <http://www.edu.xunta.es/fp>
- Xefa de departamento de Relación con Empresas do CIFP Politécnico de Lugo
- Dinamizador de Relación con Empresas do CIFP Politécnico de Lugo

8.9. Proxecto intermodular

O Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa, dos ciclos de grao medio e superior terá carácter integrador das competencias abordadas no resto dos módulos profesionais e ámbitos.

Desenvolverase de xeito simultáneo ao resto dos módulos profesionais ao longo da duración do ciclo formativo agás no réxime modular no que se realizará simultaneamente coa fase de formación na empresa ou organismo equiparado.

8.10. Itinerario Persoal para a Empregabilidade I e Prevención de Riscos Laborais

O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I dos ciclos de grao medio e superior inclúe unha unidade formativa denominada Prevención de riscos laborais, que abranguerá a formación necesaria para acadar as competencias para o desempeño das funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.

Esta unidade formativa ha ter unha duración de 50 horas

Ao alumnado de ciclos de grao medio e superior que supere o módulo expediráselles un certificado de formación de nivel básico en Prevención de riscos laborais de trinta horas de duración (50 horas)

8.11. Bolsas

As bolsas xerais para estudos non universitarios diríxense a estudantes que estean matriculados en ciclos formativos en calquera das súas modalidades (ordinario ou adultos -sexa presencial ou a distancia-)

Forma de presentación da solicitude

A solicitude preséntase mediante formulario on-line a través da páxina web do Ministerio de Educación, no seguinte enlace: <https://sede.educacion.gob.es/portada.html>

Prazo

Establecido para cada curso académico polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes

O prazo para solicitar becas para o curso 2025/26 comezou o 24 de marzo e rematou o 30 de maio de 2025.

As becas para o curso 2026/27 deberán solicitarse no presente curso (no prazo que marque o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e que adoita ser no mes de marzo/abril/maio)

Máis información

- becaseducacion.gob.es
- Departamento de Información e Orientación Profesional do CIFP Politécnico de Lugo

8.12. Programas Internacionais

Erasmus+ é o programa da Unión Europea destinado a mellorar a calidade da Formación Profesional en Europa, ofrecendo ao alumnado de Formación Profesional oportunidades para aumentar a súa capacitación, empregabilidade e mellorar as súas expectativas laborais, a través dunha serie de iniciativas como son:

- Desenvolver estadias formativas profesionais no exterior.
- Reforzar linguas estranxeiras na formación profesional.

O CIFP Politécnico de Lugo participa en proxectos Erasmus+ o que permite ao seu alumnado realizar a Formación en empresa (FORMACIÓN EN EMPRESA) en diferentes países da Unión Europea cos que subscribe os oportunos convenios

Os proxectos de mobilidade están dirixidos tanto ao alumnado de ciclos formativos e cursos de especialización de FP como a persoas que finalizara as ensinanzas anteriores recentemente.

A información xeral do programa Erasmus+, así como as distintas modalidades do mesmo, pódense consultar co coordinador de Programas Internacionais do CIFP Politécnico de Lugo

Máis información

- <http://www.politecnicolugo.org/programasinternacionais>
- Coordinador de Programas Internacionais do CIFP Politécnico de Lugo

8.13. Emprendemento

PLAN EDUEMPRENDE

O Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, **Eduemprende**, constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora entre o alumnado de Formación Profesional.

O obxectivo global deste plan é lograr o avance na cultura do emprendemento no noso alumnado e converter en realidade as ideas innovadoras e empresariais do alumnado de formación profesional.

O CIFP Politécnico de Lugo aposta clara e firmemente pola implantación no noso alumnado dunha cultura emprendedora e participa en numerosas accións que teñen por obxectivo o fomento do espírito emprendedor do noso alumnado.

Consta de varias iniciativas, entre outras:

- **Visitas e empresas, incubadoras, centros de negocio, parques empresariais...**
- **Charlas de sensibilización**
- **Seminarios de formación e capacitación do alumnado**
- **Convocatorias de concursos e premios**
- **Aulas de emprendemento**

O CIFP Politécnico de Lugo conta cun AULA DE EMPRENDEMENTO e forma parte, polo tanto, da Rede galega de aulas de emprendemento, que teñen como obxectivos, entre outros, potenciar os proxectos de creación de empresas, facilitando espazos e colaboración para o apoio de iniciativas emprendedoras, así como promover o emprendemento do alumnado de

Formación Profesional, facilitar a formación necesaria en materia de emprendemento ao alumnado de Formación Profesional, celebrar actividades de emprendemento para o alumnado e promover relacións con institucións, empresas ou outras entidades colaboradoras que participen en iniciativas emprendedoras.

– **EMPRENDE. REDE DE VIVEIROS DE EMPRESA**

Emprende ten como obxectivo facilitar ao alumnado galego espazos e asesoramento axeitados para a posta en marcha dun negocio ou de proxectos empresariais viables, en centros educativos a través da Rede galega de viveiro de empresas en centros educativos

O CIFP Politécnico de Lugo, dispón dun Viveiro de Empresas que **é un espazo onde desenvolver e poñer en marcha o teu proxecto empresarial**. O viveiro de empresa ofrece:

Asesoramento:

- Formación e apoio do profesorado que imparte formación relacionada co sector no que se desenvolverá o teu proxecto.
- Tutoría pola coordinadora de emprendemento, responsable do seguimento e da orientación no teu proxecto.
- Asesoría de persoal técnico especialista do IGAPE.

Instalacións:

- Locais axeitados para o desenvolvemento de actividades das persoas emprendedoras.
- Moblaxe básica propia dunha oficina, cos equipamentos informáticos e de telecomunicacións axeitados.

Servizos:

- Servizos asociados ás infraestruturas (seguridade, limpeza, luz, etc.).
- Servizos auxiliares da actividade empresarial como conexión a internet.
- Difusión da túa empresa a través da páxina web www.edu.xunta.es/fp.

O viveiro de empresas do CIFP Politécnico de Lugo consta de tres despachos para emprendedores e un despacho para a persoa titora, todos eles completamente dotados.

Pode acceder o alumnado matriculado (ou que rematara os seus estudos nos últimos catro anos)

Máis información

- Coordinadora emprendemento CIFP Politécnico de Lugo

8.14. Recursos informativos

- páxina web do centro

www.politecnicolugo.org

- Departamento de Información e Orientación Profesional

orientacion.cifp.politecnico.lugo@edu.xunta.gal

- páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

www.edu.xunta.es/fp

9 Normas en caso de evacuación

En caso de incendio ou calquera outra circunstancia pola que soen as alarmas do centro, ou por indicación do profesorado, debes abandonar a aula/taller/laboratorio con rapidez e de acordo coas seguintes instrucións:

- Se é o caso, deixa as túas pertenzas sen recoller.
- Sal ordenadamente, con prontitude e evitando crear aglomeracións.
- Diríxete en fila polas escaleiras ou corredores, cara a saída principal (en cada planta existen sinalizacións das vías de evacuación).

- Obedece sempre as instrucións que te poidan dar os profesores ou os bedeis.
- Unha vez alcanzado o exterior, acode aos puntos de encontro.

Realizaranse anualmente simulacros de evacuación.

INSTRUCCIÓN PARA A ACTUACIÓN NO SIMULACRO DE EVACUACIÓN

- O inicio da evacuación comezará cando soen as sirenas do CIFP
- A saída do profesorado, xunto co alumnado ao seu cargo, farase seguindo a sinalización existente. No caso das plantas altas: non se incorporarán ao descanso da planta inferior, mentres este non se desaloxe, agardando no tramo da escaleira que accede ao mesmo.
- A evacuación, farase en dúas filas (as aulas da dereita pola dereita, e as aulas da esquerda pola esquerda), deixando libre a parte central.
- Os que saian pola porta principal (**porta nº 5**), dirixiranse ao **punto de encontro 1: PRAZA DOS NOVOS XULGADOS**.
- Os que saian ao exterior pola porta próxima á cafetaría (**porta nº 6**), mais os que saian pola porta do bloque 3 (**porta nº 8**), mais os que saian polo portalón de electricidade (**porta nº 9**), mais o que saian pola porta de Metal 1 (**porta nº 10**), dirixiranse a través da rúa interior e do aparcadoiro para o **punto de encontro 2: APARCAMENTO**
- Os que saian de Metal 2 e Metal 3 (**porta nº 11**), xunto os da aula de teoría de metal (**porta nº 12**), os da aula de HIBUCO (**porta nº 13**), os de Próteses (**porta nº 14**), automatismos (**porta nº 15**), Aula 006 (**porta nº 16**), Taller Carpintería (**porta nº 17**), Salón de Actos (**porta nº 18**), e Chalet (**porta nº 19**), e Edificio de madeira (**portas 21, 24, 25, 26, 27,28**) e Pavillón (**porta nº 30, 32, 33**) dirixiranse ao **punto de encontro 2: APARCAMENTO**
- Haberá un **Xefe de Zona** (identificados con chaleco amarelo), para os que saian pola porta principal, outro para os que saian para o aparcadoiro norte, e outro para os que saian para as pistas.
 - **Pola mañá os Xefes de zona serán:** Un conserxe para os que saian pola porta principal; outro conserxe para os que saian para o aparcadoiro norte e un docente que se atope na aula TAO, (terán nesta aula o formulario e o chaleco amarelo), para os que saian directamente para o Aparcamento (talleres, edificio de madeira e chalet).
 - **Pola tarde os Xefes de zona serán:** O docente da aula 131, para os que saian pola porta principal (recollerá o formulario para toma de datos e o chaleco amarelo na conserxería); o conserxe para os que saian para o aparcadoiro norte, e un docente que se atope en CS Hixiene Bucodental, (terán un formulario de toma de datos e un chaleco amarelo) para os que saian para aparcadoiro sur.
- Cada docente ao chegar ao punto de encontro dirixirase ao xefe de zona, para darlle as novas, con respecto a evacuación do seu alumnado.
- Os xefes de zona anotarán os grupos que saen e as aulas correspondentes, así como as incidencias, e entregaranllas aos xefes de intervención ou o xefe de emerxencias.
- Haberá un **Xefe de intervención** (identificado con chaleco amarelo) pola mañá e outro pola tarde, que se situarán na zona de conserxería-oficinas (punto de control).
- Os **xefes de intervención** son: M^a Isabel Garcia Díaz e M^a José Trashorras López.
- O **Xefe de emerxencias** é o director: José Luis Blanco Carballido, e na súa ausencia o xefe de estudos ou o secretario, que se situarán no punto de control (conserxería-oficinas).
- Haberá dous **equipos de primeiros auxilios** (un que sairá para o punto de encontro 1 (praza dos novos xulgados), e outro que sairá do “Chalet” para o punto de encontro 2 (aparcamento). Os membros dos equipos de primeiros auxilios (identificados con chaleco laranxa) saíran coas caixas de primeiros auxilios portátiles para os puntos de encontro, e recollerán tanto a caixa de primeiros auxilios coma o chaleco laranxa que se atopan en conserxería para os de saída para o punto de encontro 1 e en TAO e en TBE (segundo o caso) para os do punto de encontro 2.

- **Pola mañá:** para o punto de encontro 1 o xefe do equipo de primeiros auxilios será o docente que se atope na aula 111 ou 112, e para o punto de encontro 2 o que se atope na “Aula 10” en Próteses.


- **Pola tarde:** para o punto de encontro 1 será o docente que se atope na aula 112, e para a zona de encontro 2 será o docente que se atope na aula 013 ou 014.

- O persoal docente e o persoal non docente, que se atopen no centro pero sen estar nas aulas co alumnado, farán a evacuación, seguindo as pautas anteriores.

O obxectivo deste simulacro é detectar as posibles incidencias, que se poidan dar, para corrixilas de cara un caso de necesidade real!

Grazas pola vosa colaboración

-Xúntase plano das portas de edificios e recintos



PUERTAS *

PUERTAS EXTERIORES VEHÍCULOS

1. Corredera Automática Vehículos / 3,00 m.
2. Corredera Automática Vehículos / 5,80 m.

PUERTAS EXTERIORES PEATONALES

3. C/ Armando Durán: Abatible Exterior / 1,00 m.
4. C/ Pintor Corredoira: Doble Abatible / Apertura Interior / 3,60 m.

PUERTAS EDIFICIO PRINCIPAL (A) y NAVES TALLERES

5. Principal: Corredera Automática / 1,60 m.
6. Cafetería - Aparcamiento: Corredera Automática / 1,30 m.
7. Talleres: Abatible Exterior / 0,92 m.
8. Bloque II-III (Lab. Electricidad): Corredera Automática / 1,05 m.
9. Bloque III (Lab. Electricidad): Corredera Automática / 1,05 m.
10. Taller Metal 1: Abatible Interior / 0,80 m.
11. Talleres Metal 2 y 3: Basculante Manual / 2,20 m. con Abatible Interior / 0,71 m.
12. Talleres Prótesis 1: Abatible Exterior / 0,95 m.
13. Talleres Prótesis 1: 2 Abatibles / Apertura Exterior / 0,90 m. (Lamas) + 0,90 m.
14. Pasillo Prótesis, Automatismos, EO: Corredera Automática / 1,25 m.
15. Taller Automatismos: Abatible Exterior / 0,35 m + 0,85 m.
16. Taller Electrónica: Abatible Exterior / 1,10 m.
17. Talleres Carpintería (Mueble): Abatible Exterior / 1,10 m.
18. Pasillo Salón de Actos: Corredera Automática 1 Hoja / 1,25 m.

PUERTAS EDIFICIO (B) "CHALET"

19. Aulas Sanitaria: Abatible Exterior / 0,82 + 0,82 m.
20. Sala de Calderas: Abatible Exterior / 0,70 m.

PUERTAS NUEVOS TALLERES (EDIFICIO MADERA)

21. Principal Aulas Carpintería, CNC, Tecnológica: Abatible Exterior / 1,00 + 1,00 m.
22. Lateral Pasillo: Abatible Exterior / 1,00 + 0,60 m.
23. Aula Carpintería: Abatible Interior / 1,86 + 0,98 m.
24. Lateral Tecnológica: Abatible Interior / 1,86 + 0,98 m.

Aulas P.Baja Nuevos Talleres

25. Aula 301: Abatible Exterior / 1,00 + 1,00 m.
26. Aula 302: Abatible Exterior / 1,00 + 1,00 m.
27. Aula 303: Abatible Exterior / 1,00 + 1,00 m.
28. Aula 304: Abatible Exterior / 1,00 + 1,00 m.
29. Sala Instalaciones: Abatible Interior / 1,00 + 1,00 m.

PUERTAS PABELLÓN DEPORTIVO

30. Principal: Abatible Exterior / 0,95 + 0,95 m.
31. Lateral: Abatible Exterior / 0,85 + 0,85 m.
32. Posterior a C/Pintor Corredoira: Abatible Exterior / 0,85 + 0,85 m.
33. Posterior a C/Pintor Corredoira: Abatible Exterior / 0,85 + 0,85 m.

PUERTAS ENERGÍAS RENOVABLES

34. Principal: Abatible Exterior / 0,90 + 0,50 m.

*(Medidas Hueco Libre Paso / Sentido Apertura)

